

## TEMPO DE LECTURA EN 1º E 2º DA ESO CURSO 2025-2026

### XUSTIFICACIÓN

Esta actividade (co nome de *Hora de Ler*) vennse realizando no noso centro dende o curso 2021-2022 e a partir do vindeiro curso enmarcarase no PLEA (Plan de lectura, escritura e acceso á información), sendo de obrigada aplicación e ampliable a outros niveis.

Todos os/as mediadores e as mediadoras de lectura confirman que **aquel alumnado que adica máis tempo diario a lectura é o que obtén mellores resultados na área de competencia lingüística**. Os centros que introducen a fórmula da "lectura silenciosa sostida" ou outras fórmulas de lectura individual dun libro que se queira ler, sen ter que responder a cuestionarios nin realizar actividades escritas (aínda que se poidan comentar e mesmo avaliar perfectamente o alcance destas lecturas), é dicir, cando introducen a lectura por pracer en horario lectivo, están dando unha oportunidade aos mozos e mozas para poder dedicarlle un tempo a ese tipo de lectura, que non teñen doado no resto do día (demasiado ruído, horarios e rutinas pouco favorables á lectura nos ámbitos familiares de moitos deles). Así pois, organizar unha TEMPO DE LECTURA nos centros educativos é traballar pola competencia lingüística do alumnado.

### ORGANIZACIÓN

Establécese un tempo diario de **15-20 minutos** de lectura, segundo a planificación que se achega. O obxectivo é que o alumnado dispoña a diario duns momentos de **lectura individual** e **lúdica**, sen posteriores avaliacións. Polo tanto poderá ler obras literarias, revistas, xornais, banda deseñada...

**Todas as materias** participan por igual e todo o centro (alumnado e profesorado) lerá á mesma hora, isto é, nos 15-20 primeiros minutos da sesión correspondente. A lectura pode ser:

- **Libre:** o alumnado terá que traer un libro para a *TEMPO DE LECTURA*, de preferencia da biblioteca do centro. En todo caso, durante a sesión de lectura non se lle permitirá ir á biblioteca para levar en préstamo unha obra.
- **Dirixida:** o/a profesor/a pode realizar unha actividade lectora en relación coa materia, segundo determine.

É importante recordar que no *TEMPO DE LECTURA* **non se permite realizar deberes**, xa que se trata dun tempo adicado exclusivamente á lectura pracenteira e/ou que favorece a comprensión lectora en todas as materias.

Así mesmo, o *TEMPO DE LECTURA* está suxeito ás normas de **disciplina** do centro; polo tanto, calquera falta durante o seu desenvolvemento poderá ser sancionada.

Nos cortizos das aulas de 1º e 2º ESO xa está colgada **información** relativa á actividade e o **calendario** a seguir durante este trimestre. Pregamos a **colaboración do profesorado para informar do comezo desta actividade na vindeira semana**.

O **profesorado** respectará o tempo diario reservados a tal fin. Animámolo a que tamén traia a súa lectura e comparta estes momentos co seu alumnado.

A planificación da actividade seguirá o seguinte calendario (que pode estar suxeito a modificacións).

Semana	Sesión	Semana	Sesión	Semana	Sesión
<b>1º trimestre</b>		<b>2º trimestre</b>		<b>3º trimestre</b>	
10 – 14 novembro	1ª	08 – 09 xaneiro	2ª	07 – 10 abril	4ª
17 – 21 novembro	2ª	12 – 16 xaneiro	3ª	13 – 17 abril	5ª
24 - 28 novembro	3ª	19 – 23 xaneiro	4ª	20 – 24 abril	1ª
01 – 05 decembro	4ª	26 – 30 xaneiro	5ª	27 – 30 abril	2ª
09 – 12 decembro	5ª	02 – 06 febreiro	1ª	04 – 08 maio	3ª
15 – 19 decembro	1ª	09 - 13 febreiro	2ª	11 – 15 maio	4ª
		19 – 20 febreiro	3ª	18 – 22 maio	5ª
		23 – 27 febreiro	4ª	25 – 29 maio	1ª
		02 – 06 marzo	5ª	01 – 05 xuño	2ª
		09 – 13 marzo	1ª	09 – 12 xuño	3ª
		16 – 18 marzo	2ª		
		23 – 27 marzo	3ª		

**MOITAS GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN EN PROL  
DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA!!**